

TFGs: CURSO 2017/2018

CALENDARIO SETEMBRO-OUTUBRO 2017:

- **18/09/2017:** Data tope para que os departamentos fagan a súa proposta de TFGs para a listaxe xeral da Facultade de Economía e Empresa.
- **22/09/2017:** Comisión de TFGs para a aprobación da listaxe oficial
- **22/09/2017:** Publicación da **listaxe provisoria de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que deberán elixir no acto público de elección de TFGs. Esta listaxe conterá disporá os estudantes por orde de elección.
- **22/09/2017:** Publicación da **oferta de TFGs** que integran a listaxe xeral da FEE para a elección.
- **26/09/2017:** Prazo para a **tramitación de TFGs bilaterais e prórrogas** polos estudantes e profesores (IMPORTANTE: a sinatura de TFGs bilaterais en ningún caso modificará a listaxe xeral de TFGs ofertados no cupo xeral).
- **29/09/2017:** Comisión de TFGs para a aprobación das propostas de bilaterais.
- **29/09/2017:** Publicación da **listaxe definitiva de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que deberán elixir no acto público de elección de TFGs. Esta listaxe conterá disporá os estudantes por orde de elección.
- **04/10/2017:** Acto público de elección de TFGs para alumnos matriculados que non teñen traballo asignado.

LISTAXE XERAL DA FEE

Asignación provisoria de tfgs a departamentos por graos e simultaneidades:

TFGS ASIGNADOS A CADA DEPARTAMENTO	Economía	ADE	EMP	ADE-DEREITO	GEMP-TUR	TOTAL
Departamento de Economía	84	84	54	24	13	259
Departamento de Empresa	20	116	46	32	11	225
TOTAL	104	200	100	56	24	484

O resto do profesorado dos departamentos con docencia nos graos impartidos na FEE poderán propoñer TFGs para seren incluídos na listaxe xeral da FEE.

FORMULARIO PARA INTRODUCIR A PROPOSTAS DE TFG PARA O CURSO 2017/2018

Ligazón para introducir a proposta de TFG para o curso 2017/2018: [clique aquí](#)

TRAMITACIÓN DUNHA PRÓRROGA DE TFG

Se o profesor e un estudante acordan prorrogar un TFG iniciado un curso anterior, deberán presentar a solicitude na Secretaría do Decanato no formato previsto que figura na web da FEE. Este documento deberá estar asinado por ambas as partes.

Importante: non se pode solicitar a prórroga dun TFG que xa fose prorrogado anteriormente. Isto é, só unha prórroga do mesmo traballo é posible.

TRAMITACIÓN DUN TFG BILATERAL

Os estudantes matriculados poderanse dirixir aos profesores concretos en función dos temas que lles resulten de interese para a realización do TFG. Se existir acordo, presentarán na Secretaría do Decanato o documento previsto asinado polo titor e polo estudante. Estes TFGs non se restan da listaxe xeral de TFGs ofertados pola FEE. Unha vez aprobada a proposta de bilateral pola comisión, o profesor e estudante poden comezar a realizar o TFG. **En todo caso, se un estudante está incluído na listaxe publicada e asina un bilateral, poderase presentar no acto de elección do día 4 de outubro para indicar esta circunstancia provisto dunha copia do acordo bilateral presentado no Decanato.**

ACTO PÚBLICO DE ELECCIÓN DE TFG

Deberán asistir os estudantes matriculados na materia de TFGs que non teñan un TFG bilateral ou prorrogado.

- Lugar: Aula Magna da FEE
- Día: 04/10/2017
- Hora: 18.30 h.

NOTA: Moi importante: Ausencia ao acto de elección

Se un estudante non se presenta no acto de elección, perde a posibilidade de elixir TFG e asume que a comisión de TFGs lle vai asignar un traballo dos dispoñibles.